



## IX TROFEO MARINEDA ATLÉTICO – II MEMORIAL JOSE FRANCISCO AREA

O Club de atletismo Marinada Atlético coa colaboración do Concello de A Coruña, a Deputación de A Coruña e a Federación Galega de Atletismo organizará o 9 de Maio o IX Trofeo Marinada Atlético - II Memorial José Francisco Area en A Coruña, nas pistas Universitarias de Elviña

### Art.2). Horario Provisional

IX TROFEO MARINEDA ATLÉTICO – II MEMORIAL JOSE FRANCISCO AREA				
HORA	CARREIRA	CATEGORÍA	SEXO	CONCURSOS
16:00	300 mv	Sub 16 y Máster	Homes	Lonxitude H-M Sub 12 a Sub 20
16:08	300 mv	Sub 16 y Máster	Mulleres	
16:16	220 mv	Sub 14	Homes	
16:24	220 mv	Sub 14	Mulleres	
16:35	500	Sub 10	Homes	
16:40	500	Sub 10	Homes	
16:45	500	Sub 10	Mulleres	
16:50	500	Sub 10	Mulleres	
16:55	500	Sub 12	Homes	
17:00	500	Sub 12	Homes	Disco H-M Sub 14 a Master
17:05	500	Sub 12	Mulleres	
17:10	500	Sub 12	Mulleres	
17:15	500	Sub 14	Homes	
17:20	500	Sub 14	Homes	
17:25	500	Sub 14	Mulleres	
17:30	500	Sub 14	Mulleres	
17:35	300	Sub 16	Homes	
17:41	300	Sub 16	Homes	
17:47	300	Sub 16	Mulleres	
17:53	300	Sub 16	Mulleres	
17:59	400	Abs	Homes	
18:05	400	Abs	Homes	Tripla H-M Sub 14 - Sub 20
18:11	400	Abs	Mulleres	
18:17	400	Abs	Mulleres	
18:23	800	Abs	Homes	
18:29	800	Abs	Homes	
18:35	800	Abs	Mulleres	
18:41	800	Abs	Mulleres	
18:47	100	Abs	Homes	
18:52	100	Abs	Homes	
18:57	100	Abs	Mulleres	
19:02	100	Abs	Mulleres	
19:07	5000	Abs	H-M	Xavelina H-M Sub 14 a Master
19:30	110 mv	Sub 18	Homes	
19:40	100 mv	Sub 16 y Master	Homes	
19:48	100 mv	Abs	Mulleres	
19:56	100 mv	Sub 16 y sub 18	Mulleres	



## **IX TROFEO MARINEDA ATLÉTICO – II MEMORIAL JOSE FRANCISCO AREA**

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2018–2019 e 2020 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición. Independentemente das marcas, terán preferencia na inscrición o club organizador.

- Haberá medallas ós/as tres primeiros/as de cada proba independentemente da categoría
- Se algún atleta desexa homologar o seu artefacto terá que entregalo na homologación do CGX unha hora antes do inicio da proba

**Art.3).** Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

**Art.4).** Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada actual (2021).

**Art.5).** As inscricións fanse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 4 de maio. Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo o que leva unha multa de 3 € por participante ata o mércores 5 de maio ás 20:00 e sempre coa autorización do club organizador e a dispoñibilidade de prazas libres.

**Art.6). Participación:** Nos concursos serán de catro intentos.

**Art.7).** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicarase as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexa inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.8).** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



## **IX TROFEO MARINEDA ATLÉTICO – II MEMORIAL JOSE FRANCISCO AREA**

**Art.9).** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA. Restrinxirase o acceso ao público. Ademais do persoal imprescindible (atletas, xuíces, organización) e segundo acordo da comisión Covid-19 da FGA, poderán acreditarse un representante do Club (Delegado ou adestrador); entre 10 e 20 atletas dun Club, 1 delegado e 1 adestrador; entre 21 e 30, 1 delg. e 2 adest.; entre 31 e 40, 1 delg. e 3 adest.; mais de 41 atletas, 1 delg. e 5 adest. Adestradores con licenza en vigor. Unha vez rematada a súa función prégame que abandonen a instalación, (tamén os atletas). Unha vez publicado a listaxe de participantes, abrirase un formulario para facer a solicitude de acceso de cada club.

**Art.10).** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 28 de abril de 2021

## IX TROFEO MARINEDA ATLÉTICO – II MEMORIAL JOSE FRANCISCO AREA

### MEDIDAS DE ACTUACIÓN COVID-19

O acceso a instalación realizarase por diferentes puntos segundo sexa atleta, xuíz, ou adestrador/a. Sempre mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas e seguindo a sinalización establecida.

O acceso á grada non estará permitido.

O aforo estará limitado e controlado ata un máximo de 150 persoas. Os participantes deberán abandonar a instalación unha vez rematen a participación.

Os adestradores poderán solicitar acreditación mediante a plataforma de solicitude na web de atletismo.gal


O persoal autorizado e acreditado poderán dar as indicacións técnicas nos sectores habilitados, podendo estar no perímetro exterior da pista, excepto na recta de chegada, sempre respectando a distancia de 1,5m de seguridade.

#### ACCESO DE ATLETAS

O acceso dos atletas mediante control da organización do club, será a través da entrada en cámara de chamadas (controlada polo CGX), onde recibirá o seu dorsal.



A zona de saída ao exterior dos atletas, una vez finalizadas as súas probas, será pola porta existente entre as gradas e a pista polideportiva.



## **IX TROFEO MARINEDA ATLÉTICO – II MEMORIAL JOSE FRANCISCO AREA**

O quecemento deberá ser realizado no exterior da instalación, ou nas zoas de cámara de chamadas empregando máscara.

Haberá líquido hixienizante no control de acceso á instalación, así coma na cámara de chamadas e zonas de posible contacto.

O seguinte punto de acceso, será para o persoal auxiliar federativo, e para os/as atletas que teñan que facer a homologación dos seus artefactos. Lugar onde estarán os servicios de atención médica.



A Dirección e secretaría do evento está ubicada tamén neste punto por medio dunha carpa, na que se fará a secretaría e a dirección do evento. Calquera reclamación deberá ser realizada mantendo as distancias de seguridade e coa máscara posta.

É obrigado por todos a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

É obrigado por todos/as os/as atletas entregar na recollida do dorsal en cámara de chamadas a Declaración Responsable.

O anel de herba que rodea a pista será de uso exclusivo para a circulación dos adestradores autorizados.

A zona de herba non poderá ser utilizada para realizar o quecemento.

Deberá seguirse sempre as indicacións realizadas polo persoal auxiliar.

### **OUTRAS DISPOSICIÓNS**

Para o acceso ós baños seguirase as indicacións da propia instalación. Os vestiarios permanecerán pechados.

O incumprimento destas normas poñerá en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.